

**REUNIÓN DA COMISIÓN 7ª,
AGRICULTURA, ALIMENTACIÓN,
GANDARÍA E MONTES**

Día: 19.01.2021

Hora: 10:30

A Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes, da que vostede forma parte, reunirse o próximo día 19 de xaneiro de 2021, ás 10:30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

Punto único.- Proposicións non de lei

- 1.1 1295 (11/PNC-000117)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Seco García, Martín e 2 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa actualización do acordo do ano 2008 sobre as condicións de traballo do persoal funcionario pertencente aos grupos A1 e A2 da Xunta de Galicia adscrito ao Servizo de Prevención e Defensa contra Incendios Forestais, así como co exercicio do dereito á folga polos técnicos dese servizo
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 15, do 16.09.2020
- 1.2 4881 (11/PNC-000581)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Seco García, Martín e Rodríguez Dacosta, María del Carmen
Sobre o reinicio polo Goberno galego dos traballos de concentración parcelaria de Dodro-Laiño II, coa inclusión das parcelas do polígono 27
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 44, do 11.11.2020
- 1.3 5779 (11/PNC-000691)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Candía López, María Elena e 6 máis
Sobre a consideración polo Goberno galego das ferramentas necesarias para mellorar o despregamento e os medios do Servizo de Prevención e Defensa contra os Incendios Forestais
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 56, do 02.12.2020
- 1.4 5785 (11/PNC-000693)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Candía López, María Elena e 6 máis
Sobre o mantemento e o incremento pola Xunta de Galicia das liñas de apoio postas en marcha para as comunidades de montes veciñais en man común
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 56, do 02.12.2020

- 1.5 5832 (11/PNC-000699)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
González Albert, María e 2 máis
Sobre a elaboración polo Goberno galego, en colaboración coas comunidades de montes veciñais en man común, dunha normativa específica para os usos sociais do monte
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 56, do 02.12.2020
- 1.6 6194 (11/PNC-000746)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rivas Cruz, Xosé Luís e 2 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa recollida, o transporte e a reciclaxe dos plásticos e das rodas usados na agricultura e nas zonas gandeiras
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 63, do 16.12.2020

Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas ás proposicións non de lei ata seis horas antes do inicio da sesión, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento.

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 13 de xaneiro de 2021

Daniel Vega Pérez
Presidente da Comisión

RELACIÓN DE MEMBROS DE COMISIÓN 7ª, AGRICULTURA, ALIMENTACIÓN, GANDARÍA E MONTES

POR ORDE ALFABÉTICA

Mesa

Presidente	
Daniel Vega Pérez	P
Vicepresidente	
Rubén Lorenzo Gómez	P
Secretario	
Xosé Luís Rivas Cruz	BNG

Vogais

María del Carmen Aira Díaz	BNG
Raquel Arias Rodríguez	P
José Antonio Armada Pérez	P
María Elena Candia López	P
Ramón Carballo Páez	P
María González Albert	BNG
María Felisa Rodríguez Carrera	P
María del Carmen Rodríguez Dacosta	S
Martín Seco García	S

Reunión da Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

Día: 19.01.2021

Hora: 10:30

Orde do día

1. Proposicións non de lei

Reunión da Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

Día: 19.01.2021

Hora: 10:30

Orde do día

1.1 1295(11/PNC-000117)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Seco García, Martín e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa actualización do acordo do ano 2008 sobre as condicións de traballo do persoal funcionario pertencente aos grupos A1 e A2 da Xunta de Galicia adscrito ao Servizo de Prevención e Defensa contra Incendios Forestais, así como co exercicio do dereito á folga polos técnicos dese servizo

Publicación da iniciativa, 15, 16.09.2020



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa dos seus deputados e da súa deputada **Martín Seco García, Carmen Rodríguez Dacosta e Julio Torrado Quintela**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei en Comisión 7.ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes**.

Exposición de motivos

Despois de 15 meses de peticións e mobilizacións sindicais, o 9 de agosto de 2019 a Consellería de Medio Rural abriu a mesa de negociación para a actualización do Acordo sobre as condicións de traballo do persoal funcionario pertencente aos grupos A1 e A2 da Xunta de Galicia do Servizo de Prevención e Defensa Contra Incendios Forestais que data do 1 de abril de 2008.

O 17 de setembro do 2019, na reunión de Comisión de seguimento do acordo do ano 2008, aprobáranse unha serie de pequenas melloras nas condicións de traballo do persoal de referencia, mentres se mantecía a negociación do novo acordo de condicións de traballo, para compensar unha parte do grande exceso de horas ocasionado polo período extraordinario de gardas regulado polo acordo de 2008. Naquela reunión acordouse que a Xunta de Galicia elaboraría unha proposta que sería trasladada antes de finalizar o ano 2019 á mesa de negociación sobre as novas condicións de traballo.

A continuidade da mesa de negociación foi reiterada pola parte social o 13 de febreiro do 2020 e o 10 de xuño do 2020 sen resposta.

Logo de asembleas e mobilizacións recentes do colectivo afectado, a Consellería do Medio Rural convocou aos sindicatos a reunións que nin foron mesa de negociación nin tampouco Comisión de seguimento do acordo de 2008. Nesas reunións a Consellería só propuxo un mero retoque do acordado o 17 de setembro do 2019, só aplicable aos xefes de distrito, que non aceptaron as persoas traballadoras por decisión practicamente unánime do colectivo, e quedou patente que despois de 2 anos desde que pediran a negociación das condicións laborais, a Consellería non foi capaz elaborar unha proposta integral de reorganización sobre a que se poida negociar.





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/09/2020 10:01:48
Nº Rexistro: 1295
Data envío: 04/09/2020 10:01:48.826

O 6 de xullo as persoas traballadoras realizaron unha asemblea telemática e aprobaron consultar ao colectivo afectado sobre a convocatoria dunha folga. Acordaron facer unha enquisa telemática a todo o colectivo, que estivo aberta para votacións ata o día 8 de xullo ás 10:00 horas. A participación foi moi alta, de 80 persoas (dos 123 postos técnicos afectados polo acordo de 2008, número que inclúe tamén os cargos de libre designación). O 75 % dos que responderon a enquisa amosaron a súa disposición de ir á folga.

Ante esta resposta as organizacións sindicais CIG, CCOO, CSIF e UGT convocaron de forma unitaria a folga do colectivo do persoal técnico forestal vinculado ao SPIF a partir do 1 de agosto de 2020.

Os obxectivos da folga convocada son que a Administración autonómica regule as condicións de traballo nun novo acordo, coas seguintes características:

- Aumentar o cadro de persoal para garantir os descansos legais establecidos sen afectar negativamente aos servizos públicos de prevención e extinción de incendios forestais e de planificación e ordenación forestal.
- Redución do horario anual que supera as 2000 horas.
- Regulación do traballo en fins de semana, festivos, gardas e descansos compensatorios e garantir 15 días de vacacións no verán.
- Distribución da carga de traballo e maior organización entre a xestión de montes, a prevención e loita contra incendios forestais e a xestión do persoal adscrito aos distritos forestais.
- Eliminar a dispoñibilidade absoluta dos xefes de distrito e establecer un segundo xefe de garda por distrito forestal.
- Segunda actividade e coeficiente redutor para a xubilación anticipada.

No desenvolvemento da folga e na aplicación da orde de servizos mínimos, que inicialmente foron pactados, os sindicatos denuncian os seguintes incumprimentos e comportamentos ilícitos:

- Externalización da dirección dos contratos de obra, substituíndo ao persoal técnico que está en folga por persoal alleo.
- Imposición de cambio de cuadrantes e calendarios de traballo, o que supuxo que en determinados días e distritos se pasase, dos servizos mínimos pactados do 66 %, a uns servizos mínimos do 100 %. Ademais, a modificación dos cuadrantes e calendarios de traballo dos xefes de



Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 - gp-socialista@parlamentodegalicia.es

distrito, provocou que se incumpra, durante dous días cada semana e nos 19 distritos, a presenza en servizo mínimo dun xefe de garda nos centros de coordinación de distrito.

- Modificación a través dunha instrución da Dirección Xeral de Planificación e Ordenación Forestal do procedemento de entrega, recepción e seguimento dos lotes de madeira en xestión pública; encomendando determinados traballos que lle corresponde realizar ao persoal técnico dos distritos forestais que secunda a folga a outros colectivos, nun claro acto de vulneración da liberdade sindical.
- Presións, coaccións e pseudo ameazas, para que se realicen os informes e executar distintas tramitacións non recollidas dentro da orde de servizos mínimos, que establece claramente que o traballo a realizar en período extraordinario serán só "para as tarefas de coordinación e de dirección de medios de extinción de incendios".
- Envío de correos selectivos, o venres 21 de agosto, e non a todo o persoal afectado pola folga, correos, baixo o pretexto de facer o seguimento da mesma, onde se daban instrucións de notificar no caso de deixar de secundar a folga.

Por estes motivos, o comité de folga do persoal técnico forestal acordou formular a correspondente demanda xudicial, por vulneración grave do dereito fundamental do exercicio de folga, así como a posible prevaricación do conselleiro e da secretaria xeral técnica de Medio Rural, por externalizar a dirección de obras “a propósito”, de que estaban facendo algo que a xurisprudencia recolle como “*esquirolismo patronal*”.

Posteriormente os sindicatos denuncian que en represalia polo éxito da folga convocada e secundada de forma maioritaria polo persoal técnico do SPIF dende o 1 de agosto, a Consellería de Medio Rural vén de aplicar descontos salariais ilegais nos días en que as persoas traballadoras prestan servizos en cumprimento dos servizos mínimos, denuncian que, a pesares do estrito cumprimento dos servizos mínimos estipulados pola Administración, que dan fe da máxima responsabilidade e compromiso do colectivo có servizo público de prevención e extinción de incendios, a Consellería decidiu, en un claro acto de mala fe, coaccionar aos traballadores aplicando descontos ilegais nos días de traballo por servizos mínimos, incumprindo a normativa vixente e tentando de forma ilegal impedir o exercicio do dereito a folga. Algo polo que comunicaron que tamén formularían a correspondente demanda xudicial por vulneración grave de dereitos fundamentais, reclamando na mesma o cese inmediato desta actuación e a reposición íntegra das cantidades retidas de xeito ilegal.





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/09/2020 10:01:48
Nº Rexistro: 1295
Data envío: 04/09/2020 10:01:48.826

Cuestións como que se desconte menos cantos máis incendios, considerar do mesmo xeito un incendio de 7 gardas cun incendio dunha hora, etc...

Dende o Grupo Parlamentario Socialista non entendemos que a Consellería siga a desoír os permanentes chamamentos ao diálogo feitos dende as organizacións sindicais e aumente máis a crispación dun colectivo, que xa leva máis de 27 meses reclamando á Administración que se sente a negociar.

En consecuencia, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Consellería de Medio Rural da Xunta de Galicia a:

1. Convocar de inmediato a mesa de negociación co fin de actualizar o Acordo sobre as condicións de traballo do persoal funcionario pertencente aos grupos A1 e A2 da Xunta de Galiza do Servizo de Prevención e Defensa Contra Incendios Forestais que data do ano 2008.
2. Deixar de ter comportamentos que vulneran o dereito a folga das persoas traballadoras técnicos do SPIF.
3. Avaliar e corrixir os criterios aplicados para os descontos excesivos en nómina dos e das traballadoras que participan en dita folga.

Pazo do Parlamento, 4 de setembro do 2020

Asdo.: Martín Seco García
Carmen Rodríguez Dacosta
Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Gonzalo Caballero Miguez
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Martín Seco García na data 04/09/2020 09:55:11

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 - gp-socialista@parlamentodegalicia.es





PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/09/2020 10:01:48
Nº Registro: 1295
Data envío: 04/09/2020 10:01:48.826

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 04/09/2020 09:55:27

Gonzalo Caballero Míguez na data 04/09/2020 09:55:36

CSV REGISTROZCQWZfmb
Validado
<https://seccr.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 - gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Reunión da Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

Día: 19.01.2021

Hora: 10:30

Orde do día

1.2 4881(11/PNC-000581)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Seco García, Martín e Rodríguez Dacosta, María del Carmen

Sobre o reinicio polo Goberno galego dos traballos de
concentración parcelaria de Dodro-Laíño II, coa inclusión das
parcelas do polígono 27

Publicación da iniciativa, 44, 11.11.2020



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/11/2020 18:08:46
Nº Rexistro: 4881
Data envío: 05/11/2020 18:08:46.719

Á Mesa do Parlamento

O Grupo parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado e da súa deputada, Martín Seco García e Carmen Rodríguez Dacosta, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 7ª.

O Concello de Dodro aprobou o seu PXOM dende o ano 2011, en decembro de 2016, o PP aprobou en solitario no Pleno do Concello, o traslado dun polígono industrial do actual PXOM que tiña unha superficie de 29 hectáreas ao lugar de Cancela Abrea, no polígono 27 de concentración parcelaria de montes, en proceso de realización nas parroquias de Dodro e Laíño, este polígono 27 conta cunha superficie de 14 hectáreas.

O PP aprobou en solitario unha modificación do PXOM do 2011 na que se incluía o traslado do dito polígono industrial, un plan aprobado despois do intenso traballo realizado baixo o Goberno do PSdeG-PSOE, a dita modificación fíxose coa oposición da veciñanza e o resto dos partidos políticos de Dodro, a dita oposición queda reflectida coas máis de 340 alegacións recollidas e o rexeitamento da maior parte dos propietarios.

O intercambio deste polígono de 29 hectáreas por outro máis pequeno de 14 hectáreas, con múltiples afeccións no lugar de Cancela Abrea, pertencente ao polígono 27 de concentración parcelaria de montes, en proceso de realización nas parroquias de Santa María de Dodro e San Xulián de Laíño, fíxose sen contar coa veciñanza e intentando botar abaixo o deseño industrial realizado en 2011, un traballo realizado sen oposición veciñal e sen o voto en contra o propio Partido Popular, pola contra o novo polígono é máis pequeno, encaixado e con cruces nas vías de comunicación dunha estrada AC-305 Ribeira-Padrón, a AG-11 ou autovía da Barbanza, rodeado dos núcleos de poboación de Revixós, Cancela Abrea, A Tribisqueira, Lestrove, atravesado pola conducción do gasoduto, preto da Rede Natura 2000.

Non resulta difícil entender que este tipo de decisións, rematou co cambio de goberno local na eleccións municipais do ano 2019, e o novo goberno de Dodro xa anunciou a súa intención de anular a creación do polígono industrial na zona de Cancela Abrea e Revixós, revisando o actual PXOM neste punto e noutros. Incomprensiblemente o PP, agora na oposición segue a incidir nesta cuestión, cunha denuncia pola vía dun recurso contencioso-administrativo presentado polo

CSM-REXISTROXERAL-Entrada
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/11/2020 18:08:46
Nº Registro: 4881
Data envío: 05/11/2020 18:08:46.719

voceiro do PP contra o actual rexedor do PSdeG-PSOE, por non dar orde de publicar o anuncio no BOP da recualificación urbanística para que esta entrase en vigor.

O director xeral de Desenvolvemento Rural, por vía de resolución deixou fóra da concentración parcelaria de Dodro- Laíño II as parcelas do polígono 27, ata unha resolución da xefatura territorial da Consellería do Medio Rural, que estimou o recurso de alzada presentado pola Comunidade de Montes de Man Común de Balouta e Fontecova do 14 de maio de 2019 e resolta o 23 de outubro de 2019. Na súa decisión, a xefatura deixa sen efecto a resolución do director xeral, e obriga a "incluír no proceso de concentración parcelaria da zona de Dodro- Laíño II as parcelas pertencentes ao polígono 27 das bases definitivas que foran excluídas".

No concello de Dodro nada saben deste asunto dende a resolución da Consellería do Medio Rural de outubro do ano pasado e poñen de manifesto que a devandita consellaría continúe e finalice a concentración parcelaria incluíndo o dito polígono.

Por todo o exposto o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia, insta o Goberno galego a continuar de inmediato cos traballos da concentración parcelaria de Dodro-Laíño II, na que se inclúan as parcelas do polígono 27.

Pazo do Parlamento, 5 de outubro de 2020

Asinado dixitalmente por:

Martín Seco García na data 05/11/2020 16:22:37

Gonzalo Caballero Míguez na data 05/11/2020 16:23:14





PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/11/2020 18:08:46
Nº Rexistro: 4881
Data envío: 05/11/2020 18:08:46.719

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 05/11/2020 18:08:00

CSV: REXISTROHszOqim9
Validado
<https://seccr.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Reunión da Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

Día: 19.01.2021

Hora: 10:30

Orde do día

1.3 5779(11/PNC-000691)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Candia López, María Elena e 6 máis

Sobre a consideración polo Goberno galego das ferramentas necesarias para mellorar o despregamento e os medios do Servizo de Prevención e Defensa contra os Incendios Forestais

Publicación da iniciativa, 56, 02.12.2020

A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das deputadas e deputados, **Elena Candia López, José Antonio Armada Pérez, Rubén Lorenzo Gómez, Raquel Arias Rodríguez, Ramón Carballo Páez, José Manuel Cores Tourís e Daniel Vega Pérez**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandería e Montes**.

Exposición de motivos

Unha das principais problemáticas ás que se enfronta a nosa comunidade cada ano, sobre todo nos períodos estivais, é a existencia de lumes.

Os incendios forestais de Galicia son, cando menos, unha cuestión de orde pública. A maioría deles son provocados por incendiarios que, sen remordementos, prenden lume aos nosos montes; en moitos casos, poñendo en risco á cidadanía e aos seus bens. Por iso, a preocupación que suscita este tema é dunha gran consideración para a totalidade dos galegos e das galegas e, como non podería ser doutro xeito, tamén para o Partido Popular de Galicia.

Os esforzos que ten feito todo o persoal da Consellería do Medio Rural implicado no servizo de prevención e defensa contra os incendios forestais é excepcional e así o podemos comprobar en cada lume. Contamos con profesionais que, cada ano, dan o talle para protexernos a nós e máis as nosas aldeas e núcleos rurais.

Neste senso, cremos que é fundamental que a consolidación do dispositivo público de prevención e defensa contra os incendios que se vén reafirmando por parte do Goberno galego na busca dun servizo único, versátil, público e profesionalizado, se sustente na mellora sistemática deste con respecto a súa evolución.

É preciso que se aposte polo seu perfeccionamento, e nesta liña, sería consecuente incrementar a súa eficacia. O traballo e compromiso do dispositivo de loita contra os incendios, de todo o equipo humano que colabora en primeira liña para protexernos a todos os galegos dos lumes, debe ser potenciado a través da mellora das infraestruturas.

Por iso, é necesaria unha renovación e actualización que abarque as instalacións para o persoal e o material de prevención e extinción. En definitiva, unha mellora que supoña o apoio material que precisan os traballadores e as traballadoras do servizo de prevención e defensa contra os incendios forestais na nosa Comunidade.





PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/11/2020 09:40:14
Nº Registro: 5779
Data envío: 24/11/2020 09:40:14.542

Por isto, desde o Grupo Parlamentario Popular, presentamos a seguinte proposición non de lei en Comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a que contemple as ferramentas que sexan necesarias para acadar o obxectivo da mellora do despregamento e os medios do servizo de prevención e extinción de incendios”.

Santiago de Compostela, 24 de novembro de 2020

Asinado dixitalmente por:

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



CSX_FEXYSTFR0bhG86WkT54
Validado
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/11/2020 09:40:14
Nº Rexistro: 5779
Data envío: 24/11/2020 09:40:14.542

Pedro Puy Fraga na data 23/11/2020 14:01:56

María Elena Candia López na data 23/11/2020 14:02:19

José Antonio Armada Pérez na data 23/11/2020 14:02:37

Rubén Lorenzo Gómez na data 23/11/2020 14:02:52

Raquel Arias Rodríguez na data 23/11/2020 14:03:04

Ramón Carballo Páez na data 23/11/2020 14:03:22

José Manuel Cores Tourís na data 23/11/2020 14:03:41

Daniel Vega Pérez na data 23/11/2020 14:03:52



Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

[gp-pp@parlamentodegalicia.gal](https://www.parlamentodegalicia.gal)



Reunión da Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

Día: 19.01.2021

Hora: 10:30

Orde do día

1.4 5785(11/PNC-000693)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Candia López, María Elena e 6 máis

Sobre o mantemento e o incremento pola Xunta de Galicia das liñas de apoio postas en marcha para as comunidades de montes veciñais en man común

Publicación da iniciativa, 56, 02.12.2020

A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das deputadas e deputados, **Elena Candia López, Rubén Lorenzo Gómez, Raquel Arias Rodríguez, José Antonio Armada Pérez, Ramón Carballo Páez, José Manuel Cores Tourís e Daniel Vega Pérez**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandería e Montes**.

Exposición de motivos

Galicia é unha das Comunidades con maior superficie forestal. Posúe o terceiro posto segundo a porcentaxe forestal, que representa o 68,7% en relación ao territorio nacional. Deste dato, despréndese que a maioría dos montes galegos son de titularidade privada, sendo xestionados polos seus propietarios titulares ou xestores xunto coas comunidades de montes.

Neste senso, a superficie forestal total que se atopa ordenada na nosa comunidade non supera o 10%. Esta situación mostra a necesidade de fomentar instrumentos que impulsen a produtividade dos nosos montes. De feito, os terreos forestais soen posuír un tamaño reducido, coa propiedade dispersa e repartida en diferentes parcelas separadas entre si, pertencentes a distintos titulares.

Temos constancia de como desde a Consellería do Medio Rural se vén investindo neste eixo. Só ata 2017, tiñanse aprobado 639 instrumentos de ordenación ou xestión forestal, que abarcan 184.662 hectáreas. A maior parte deles, 523 instrumentos de ordenación e 160.868 hectáreas, corresponden a montes veciñais en man común. Por iso, é necesario manter a promoción, o impulso e a posta en marcha de iniciativas de xestión conxunta sustentable e diversificada do monte galego, tal como as comunidades veciñais en man común.

Nesta liña, desde o Grupo Parlamentario dos Populares de Galicia cremos que é preciso o mantemento e apertura de novas liñas de apoio a estes, actuacións que permitan fomentar un soporte técnico para a xestión forestal, coa fin de mellorar a produtividade dos nosos montes e fomentar unha maior profesionalización da xestión forestal sustentable, que reverta nun incremento de superficie forestal certificada na nosa Comunidade.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:





PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/11/2020 09:41:33
Nº Registro: 5785
Data envío: 24/11/2020 09:41:33.752

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a continuar e incrementar o apoio ás comunidades veciñais de montes en man común a través de distintas liñas de apoio”.

Santiago de Compostela, 24 de novembro de 2020

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 23/11/2020 14:21:24

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



CSV: REGISTRO FROF KDS7QBNS5
Validado
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/11/2020 09:41:33
Nº Rexistro: 5785
Data envío: 24/11/2020 09:41:33.752

María Elena Candia López na data 23/11/2020 14:21:46

Rubén Lorenzo Gómez na data 23/11/2020 14:22:05

Raquel Arias Rodríguez na data 23/11/2020 14:22:15

José Antonio Armada Pérez na data 23/11/2020 14:22:47

Ramón Carballo Páez na data 23/11/2020 14:23:02

José Manuel Cores Tourís na data 23/11/2020 14:23:20

Daniel Vega Pérez na data 23/11/2020 14:23:31



Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

[gp-pp@parlamentodegalicia.gal](https://www.parlamentodegalicia.gal)



Reunión da Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

Día: 19.01.2021

Hora: 10:30

Orde do día

1.5 5832(11/PNC-000699)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

González Albert, María e 2 máis

Sobre a elaboración polo Goberno galego, en colaboración coas comunidades de montes veciñais en man común, dunha normativa específica para os usos sociais do monte

Publicación da iniciativa, 56, 02.12.2020



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/11/2020 18:09:03
Nº Rexistro: 5832
Data envío: 25/11/2020 18:09:03.060

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas **María González Albert**, **Carmen Aira Díaz** e do deputado **Xosé Luis Rivas Cruz**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 7ª**, sobre a elaboración dunha normativa para os usos sociais do monte.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Principia a Lei 13/2007 de Defensa e Prevención na súa exposición de motivos dicindo o que segue:

“O medio rural galego -e integrado no mesmo o monte- constitúe un patrimonio esencial para o desenvolvemento sustentábel dun país, especialmente en Galiza, onde os terreos de monte constitúen máis do 65% da superficie e onde integrados con eles hai 315 concellos con 31.550 núcleos de poboación, máis do 90% dos mesmos cunha poboación inferior aos 500 habitantes.

O monte desenvolve unha tripla funcionalidade: social, ambiental e económica. Os recursos que achega benefician a toda a sociedade, o que obriga ás administracións públicas a velar pola súa conservación, protección, rexeneración e mellora dos seus aproveitamentos.”

Mentres, a Lei 7/2012 de Montes de Galiza adica o seu artigo 5º á función social dos montes:

CSM-REXISTROdeGALICIA
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/11/2020 18:09:03
Nº Registro: 5832
Data envío: 25/11/2020 18:09:03.060

“1. Os terreos forestais galegos constitúen un recurso estratéxico que haberá de contribuír ao desenvolvemento socioeconómico de Galiza, xerando rendas e emprego na Comunidade Autónoma mediante un aproveitamento sustentábel dos seus recursos e servizos.

2. Os montes desenvolven unha función social relevante, nos termos do artigo 4 da Lei 43/2003 de Montes

3. A Consellería competente en materia forestal promoverá a dispoñibilidade de montes ou terreos forestais para fins sociais, educativos, ambientais e recreativos, compatibilizados coa potencialidade e uso forestal dos mesmos.

4. A conservación, expansión e aproveitamento das masas forestais, segundo os criterios de xestión forestal sustentábel e o disposto na presente lei, é de interese público, sen prexuízo do réxime da propiedade”.

Sen embargo, e pese ao que di a lexislación, a día de hoxe o desleixo do monte é un dos principais problemas ambientais do noso país, ao estar desprovisto dos coidados e controis por parte da Xunta de Galiza á hora de mantelo nas mellores condicións posíbeis. Esta realidade é, en boa medida, a responsábel dos problemas de grande índole –como os incendios forestais- que padece o noso monte.

As/os titulares dos montes veciñais en man común son as veciñas e os veciños comuneiras/os. A veciñanza comuneira ten defendido reiteradamente que estas terras comunitarias poden e deben ser espazos abertos (tal e como ademais recolle a lexislación). É dicir: a función social que cumpren debe poder desfrutala a sociedade no seu conxunto.

CSV: REXISTROChw6Q0u67
Verificar
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/11/2020 18:09:03
Nº Registro: 5832
Data envío: 25/11/2020 18:09:03.060

O disfrute desta función social dos montes veciñais debe de facerse contando coa autorización da comunidade de montes respectiva. Ademais débense respectar os diversos recursos do monte, legislando para evitar calquera agresión de tipo medioambiental e patrimonial, non deixando lixo, non prendendo lume... En resumo: o uso social dos montes veciñais en man común non pode significar responsabilidades civís e penais para as comunidades de montes.

Cando os usos do monte se fan a través de asociacións, clubs, federacións... fica cuberta a responsabilidade no caso de que haxa algún problema xa que é preceptivo contar con licenza expedida pola Consellaría do Medio Rural para a que é condición sine qua non contar cun seguro de responsabilidade civil para a expedición do permiso. Esta cuestión, pola contra, non queda solucionada cando son particulares as/os que fan uso dos montes ante os posibles danos que poidan causar.

Podemos clasificar os usos sociais dos montes veciñais en dúas tipoloxías: tradicionais e novos.

Os usos tradicionais serían as festas populares, as visitas ao patrimonio cultural e medioambiental, os paseos, os cubertos nas áreas de lecer... E nós sinalaríamos como “novos usos sociais do monte” os vencellados, sobre todo, a actividades deportivas como motocross, montañismo, ciclismo de montaña, deportes de aventura, escalada en rocha...

Os usos tradicionais presentan, normalmente, poucos riscos. Fanse maioritariamente a pé e serían facilmente regulábeis no que ten a ver co mantemento da limpeza do lugar, o percurso por carreiros ou espazos abertos para tal uso, o feito de non prender lume, a non alteración dos hábitats naturais...

CSX REGISTRO FRO4W6QUL67
Verificado
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csx/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/11/2020 18:09:03
Nº Rexistro: 5832
Data envío: 25/11/2020 18:09:03.060

Polo que ten a ver cos novos usos sociais dos montes veciñais estes plantexan problemas tanto para as comunidades de montes (porque a práctica destes usos pode traer consigo accidentes que poñan en perigo mesmo a vida de quen os practica) como para o propio monte veciñal xa que moitas veces son agresivos medioambientalmente e producen un forte impacto erosivo.

Neste contexto merecen especial atención aqueles montes periurbanos que son ás veces obxecto de actividades deportivas clandestinas con cortas e aperturas de pistas de motocross e outras prácticas de risco que degradan e atentan contra do que o monte ten de ser en si mesmo ademais de supor problemas específicos no caso de accidentes.

En todo caso, e sexan as afeccións maiores ou menores, semella fundamental que a súa práctica sexa regulada por unha normativa específica e moito máis pormenorizada da recollida hoxe en distintas normas que non cobre, nin de lonxe, todas as especificidades que se poden dar nos usos sociais dos montes comunais.

Por todo o anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 7ª:

“O Parlamento de Galiza insta á Xunta de Galiza a elaborar unha normativa específica dos usos sociais do monte, en colaboración coas comunidades de montes veciñais, que favoreza a coexistencia dos distintos usos e preveña das posibles consecuencias negativas que algúns destes usos poden ter.”

Santiago de Compostela, 25 de novembro de 2020

CSX4 REXISTROChw6QUn67
Verificado
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csx/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/11/2020 18:09:03
Nº Registro: 5832
Data envío: 25/11/2020 18:09:03.060

Asdo.: **María González Albert**

Carmen Aira Díaz

Xosé Luis Rivas Cruz

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María González Albert na data 25/11/2020 18:03:15

María del Carmen Aira Díaz na data 25/11/2020 18:03:19

Xosé Luis Rivas Cruz na data 25/11/2020 18:03:38

Ana Pontón Mondelo na data 25/11/2020 18:03:48

CSX: FEYJSTFR0chW6QUi67
Verificado
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csx/>



Reunión da Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandería e Montes

Día: 19.01.2021

Hora: 10:30

Orde do día

1.6 6194(11/PNC-000746)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, Xosé Luís e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa recollida, o transporte e a reciclaxe dos plásticos e das rodas usados na agricultura e nas zonas gandeiras

Publicación da iniciativa, 63, 16.12.2020



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/12/2020 12:41:12
Nº Rexistro: 6194
Data envío: 07/12/2020 12:41:12.280

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa do deputado **Xosé Luis Rivas Cruz** e das deputadas **María González Albert** e **Carmen Aira Díaz**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 7ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

As novas técnicas agrarias e os cambios na produción e conservación de forraxes animais para o inverno trouxo consigo a introdución e xeneralización do plástico como material imprescindible no proceso de ensilado. Tamén se botou man das rodas usadas de automóbil como elemento de presión dos silos.

Cálculos aproximados cifran en 9.000Tm. de plástico en forma de lona que se xeran anualmente nas zonas onde existe actividade agrogandeira das cales so se ven recollendo despois de ser usado arredor dun 50% tendo as outras un destino nada recomendable medioambiental e esteticamente.

Os máis dos concellos con explotacións gandeiras, pola súa conta e risco, vendo os problemas que xeraban estes plásticos, optaron por montar un servizo gratuíto de recollida e acopio para facilita-lo traballo das empresas de transporte e xestión e darlle traza ó problema.

A súa magnitude, a queima destes plásticos polos propios usuarios e sobre todo a proliferación destes por ríos, regatos, montes e leiras, máis a presión dos concellos

CSM-REXISTROBUBUIGXKXV5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/ramitas/csv/>





BLOQUE NACIONALISTA
GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/12/2020 12:41:12
Nº Rexistro: 6194
Data envío: 07/12/2020 12:41:12.280

fixo que a Administración Autonómica tomase cartas no asunto e con fondos europeos establecese un programa de colaboración asegurando a recollida gratuíta.

O montante do gasto era unha cantidade irrisoria, 24.200euros.

Este programa de axuda institucional foi interrompido no 2.017 argumentando que xa os gandeiros e agricultores acadaran a concienciación suficiente do perigo medioambiental que supoñían estes restos e que o obxectivo estaba conseguido. Mais se so se retiraba un 50% quedaban arredor de 4.500tm que se repartían por montes, explotacións, camiños e vertedoiros incontrolados. O obxectivo, pois, non estaba acadado.

En novembro do 2018 presentouse unha iniciativa desde o BNG na Comisión 7ª chegándose a unha transacción co PP e un acordo unánime polo que a Xunta volvería financiar e tomar conta da recollida destes refugallos.

Con este sistema gratuíto chegábase a duras penas a recoller o 50% máis ou menos dos plásticos agrícolas xerados, ó finaliza-lo mentado programa volvemos velos nos contedores, cunetas das estradas, montes...

A realidade actual é que son os concellos con carga gandeira e agraria, con conciencia do problema e que xa viñan colaborando na recollida quen apeitaron co reto e continuaron coa recolla e transporte con cargo ás arcas municipais.

Nas empresas que se encargaban do seu tratamento, estes plásticos reconvertíanse en granza materia prima reutilizable que saía ós mercados internacionais e que era absorbida en grandes cantidades por China. Este mercado mudou, China deixou de comprar tanta cantidade e na actualidade esta granza que procede da reciclaxe ten pouca demanda baixando o seu prezo de xeito que, segundo parece, apenas cobre custos ás empresas que os tratan.



CSX4 REXISTROBUBUSXOKV5

Verificado

<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csx/>



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/12/2020 12:41:12
Nº Rexistro: 6194
Data envío: 07/12/2020 12:41:12.280

Nestes momentos ós custos de recollida e transporte hai que lle sumar que as empresas de tratamento cobran sobre 100 euros/tm por procesar estes residuos.

E o desafío está servido. Concellos que poñen taxas ou que afrontan gastos que a fin de ano se converten en cifras dificilmente asumibles. O concello de Lalín estimaba en 100.000 euros o desembolso anual por este concepto.

E as rodas? Que facer con elas?

Nestes momentos as rodas a xeito de pesos para mante-la lona dos silos premida caeu en desuso e comezan a apareceren en vertedoiros incontrolados, camiños, monte, e en calquera lugar creando outro problema medioambiental moi serio ademais do feísmo.

O feito demostrado cientificamente que os plásticos ó degradarse pode incorporarse en forma de micropartículas que poden pasaren á cadea trófica e seren incorporadas ata o organismo humano está facendo medra-la conciencia social do problema. Non obstante nestes momentos non é dabondo e o problema segue aí. Plásticos e rodas vellas son unha ameaza para a sostibilidade e equilibrio da terra agraria.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 7ª:

“O Parlamento galego insta á Xunta a:

-Elaborar un programa de recollida, transporte e reciclaxe dos plásticos usados de orixe agrícola que favoreza o acopio, entrega e reciclaxe e evite a súa queima ou enterramento.

CSV: REXISTROBUBUSXOKV5
Verificado
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/12/2020 12:41:12
Nº Rexistro: 6194
Data envío: 07/12/2020 12:41:12.280

-Establecer unha liña de axudas ós concellos de vocación agrícola-gandeira para a recollida e o acondicionamento dos puntos de acopio.

-Deseñar un plan especial de recollida e reciclaxe das rodas dos silos que caeron en desuso nas zonas gandeiras que evite a súa diseminación incontrolada, aparición en vertedoiros incontrolados e a súa queima ou desintegración por deterioro.”

Santiago de Compostela, 7 de decembro de 2020

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**

Maria González Albert

Carmen Aira Díaz

Deputado e deputadas do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Rivas Cruz na data 07/12/2020 11:23:43

María González Albert na data 07/12/2020 11:24:03

María del Carmen Aira Díaz na data 07/12/2020 11:24:16

CSX: REXISTROBUBUSXOKV5
Verificado
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csx/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/12/2020 12:41:12
Nº Registro: 6194
Data envío: 07/12/2020 12:41:12.280

Ana Pontón Mondelo na data 07/12/2020 11:24:27

CSX4 REXYSTR0BU6ISXokN5
Verificado
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csx/>

